



INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA NO ACTO DE ENTREGA DA MEDALLA DE OURO DE GALICIA 2008 A EDITORIAL GALAXIA

Santiago, 25 de xullo de 2008

Foi un día coma hoxe, un 25 de xullo de hai 58 anos, nesta cidade e nunha reunión semiclandestina nos baixos do Hotel Compostela, cando se celebrou a asemblea constitutiva de Editorial Galaxia.

Corría o ano 1950 e apenas quedaba un remol do labor de creación e promoción cultural que nos anos anteriores á Guerra Civil desempeñaran os patriarcas da Xeración Nós, os seus fillos espirituais do Seminario de Estudos Galegos ou editores como Ánxel Casal.

Ata aquel momento, a dureza das condicións de vida na posguerra e a atenta vixilancia que as autoridades franquistas exercían sobre a vida cultural só permitiran o xurdimento de iniciativas editoriais moi modestas, tan meritorias como insuficientes no intento de facer revivir unha cultura galega impresa que non fose só un entretemento erudito ou a exaltación manipulada de certos elementos da cultura popular.

É xusto lembrar, aínda que non sexa máis que nomeándoas, aquelas iniciativas precursoras:

- A colección de poesía Benito Soto, fundada en Pontevedra por Sabino Torres, Celso Emilio Ferreiro e Emilio Negreira;
- A editorial Bibliófilos Gallegos, impulsada tamén desde Pontevedra por Xosé Filgueira Valverde;
- O suplemento cultural do xornal compostelán “La Noche”, que contou xa con Xaime Isla e Fernández del Riego nos labores de dirección;
- A editorial Monterrey, creada en Vigo por Xosé María Álvarez Blázquez o mesmo ano da fundación de Galaxia.

Era daquela no exilio, nos espazos de liberdade que ofrecían as Américas, e baixo o amparo cálido e agarimoso da Galicia emigrante, onde as letras galegas tiñan o lugar máis acaído para a súa afirmación e para a súa supervivencia.

Vaia tamén hoxe, no día en que homenaxeamos a Galaxia, unha lembranza para o editor Luís Seoane e para toda a Galicia do desterro.



Nunha situación tan empobrecida como aquela, que ameazaba con interromper para sempre o proceso de recuperación da personalidade cultural e política de Galicia que viña producíndose desde o Rexurdimento, a reunión do 25 de xullo de 1950 no Hotel Compostela marcou o reinicio dunha historia que chega ata hoxe mesmo e que a Xunta de Galicia quere recoñecer e honrar coa entrega da máxima distinción da Comunidade Autónoma a Editorial Galaxia.

Díxose moitas veces que Galaxia é máis que unha editorial. E, en efecto, entre nós, entre os galegos, a palabra “Galaxia” converteuse nun termo cunha riqueza de connotacións e significados que desborda os límites estritos da actividade editora.

Galaxia é, en primeiro lugar, unha intelixente e eficaz operación de salvagarda da personalidade cultural e política de Galicia durante os anos máis duros do franquismo.

A través da actualización do legado cultural anterior á Guerra e do pulo a un labor creador renovado, innovador e vocado ao diálogo coa contemporaneidade, Galaxia afirma a existencia doutra Galicia, digna e resistente, que cuestiona e se confronta coa imaxe de rexión submisa e pintoresca, culturalmente subalterna, posta en circulación pola ditadura.

Galaxia é tamén a capacidade para darlle continuidade a ese legado entre as novas xeracións, entre mozas e mozos universitarios que, por causa do seu contacto coa editorial, van asumir a súa condición de galegos e as súas responsabilidades cívicas, profesionais, culturais e políticas con Galicia.

Galaxia significa a dignificación literaria e cultural da lingua galega nun tempo en que se intenta reducir o vehículo expresivo utilizado por Afonso X, Rosalía de Castro e Otero Pedrayo a unha fala dialectal, constringida a usos coloquiais e chocarreiros.

É Galaxia un instrumento clave para que o idioma galego recupere prestixio social e para que chegue aos anos da transición blindado como elemento esencial da identidade cultural galega. E é tamén Galaxia quen pon uns sólidos alicerces para que hoxe poidamos falar con propiedade dun sistema literario galego vivo e en crecemento.

Galaxia é, xa desde o seu propio nome, alusivo á Vía Láctea e ao Camiño de Santiago, conexión entre Galicia e Europa.

Fronte a un réxime instalado nun ultranacionalismo casticista, pechado e uniformizador, Galaxia eríxese nunha ventá aberta á cultura europea e á Europa que comeza naqueles anos a dar os primeiros pasos cara á súa unidade.

Mediante a acción e as actitudes de Galaxia, galeguismo volve facerse sinónimo de europeísmo, como querían os homes da Xeración Nós, e de todo o que o europeísmo significaba naqueles anos e para moitos segue a significar hoxe: democracia, dereitos humanos, pluralismo político e cultural, federalismo, unidade na diversidade.



E a través desta concepción europeísta e aberta de Galicia, Galaxia introduce na cultura política galega unha versión renovada do galeguismo, que pasa a definir unha actitude cívica máis que unha ideoloxía partidaria, un amplo espazo transversal de entendemento e colaboración que só esixe tolerancia democrática, compromiso co país e responsabilidade cívica.

Ese galeguismo de impronta galaxiana desempeñou un papel importantísimo, extraordinariamente construtivo, nos anos da transición á democracia e no proceso de consecución do Estatuto de Autonomía, do autogoberno de Galicia.

Galaxia representa todo o dito. Pero este rascoño dos méritos atesourados por Galaxia sería inxusto e incompleto sen unha moi especial referencia ás persoas que a fixeron posible.

Porque detrás da palabra Galaxia hai persoas concretas. Porque Galaxia é o heroísmo austero e xeneroso dun pequeno grupo de homes e mulleres que, arriscando a súa liberdade, sacrificando as súas carreiras profesionais e sen que puidese albiscarse no horizonte pechado do franquismo expectativa ningunha de éxito para a súa empresa, optaron por dedicar o mellor das súas vidas e dos seus talentos ás causas devanditas, á causa dunha Galicia democrática, libre, culta e consciente de si mesma.

Non é posible citar a todas as persoas que, desde as responsabilidades máis altas na dirección da editorial ata os labores máis modestos e anónimos, pero igualmente necesarios, contribuíron a que este gran proxecto colectivo tomase forma e trazas. A Medalla de Ouro de Galicia é para todas elas, para as de onte e para as de hoxe.

Hai, de todos modos, na traxectoria de Galaxia un conxunto de personalidades que simbolizan a excelencia e a pluralidade do proxecto e nas que todos os que nel colaboraron se senten representadas.

Por iso quero citar hoxe aquí, en lugar sobranceiro, os nomes de Ramón Piñeiro, Xaime Isla e Francisco Fernández del Riego, a tríada que conduciu durante moitos anos, cunha perfecta división do traballo, o carro galaxiano. E amparándoos a todos eles co seu prestixio e bonhomía, a figura petrucial de Ramón Otero Pedrayo, que asumiu desde o primeiro momento e ata a súa morte a Presidencia da Editorial.

Quero suscitar tamén a lembranza daqueles galaxianos de primeira hora, cuxa achega intelectual e mesmo económica foi decisiva para a posta en marcha do proxecto, como Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo, Antonio Fernández López, Sebastián Martínez Risco, Domingos García-Sabell, Marino Dónega, Álvaro Gil Varela, Ben-Cho-Sei, Xohán Ledo, Carlos Maside e tantos outros.



Quede así mesmo constancia do meu recordo do inesquecible Carlos Casares, que tan prematuramente nos deixou, e de tantísimas outras personalidades da literatura, do pensamento, das artes plásticas e do mundo empresarial que contribuíron grandemente á andaina de Galaxia.

Señoras e señores, amigas e amigos:

Cando a Xunta de Galicia tomou a decisión de outorgarlle á Editorial Galaxia a máis alta distinción da Comunidade Autónoma, a Medalla de Ouro de Galicia, fíxoo tanto en atención ao decisivo papel xogado por Galaxia no pasado como en función do seu presente e do seu futuro.

Galaxia segue sendo hoxe unha realidade viva e activa, unha operativa e diversificada constelación cultural que, baixo a presidencia de Xaime Isla e a dirección de Víctor Freixanes, continúa, como fixeron os que os precederon, xerando modernidade e coñecemento, reflexionando sobre o presente e apostando por un futuro no que a lingua e a cultura galega, da que Galaxia segue sendo unha institución emblemática, teñan voz e espazo propio.

Galicia síntese orgullosa de dispoñer de empresas culturais como Editorial Galaxia, xurdidas da sociedade civil, nas que o país se recoñece e que avanza canda el polas sendas da innovación, da renovación tecnolóxica e da adaptación a un mundo aberto e global.

Por iso, coa entrega da Medalla de Ouro de Galicia, o Goberno galego quere recoñecer en Galaxia aos homes e ás mulleres que contribuíron a outorgarlle a esta empresa un lugar propio na historia de Galicia, e ao tempo simbolizar neles a vocación de modernidade que segue a alentar hoxe nos continuadores do seu labor.

Parabéns
Moitas grazas

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA